

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS MARIÑAS
CURSO: 4º ESO DIURNO
MATERIA: FILOSOFÍA
DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA
DATA: 12.05.2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. A filosofía e o seu nacemento.	
B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo	FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, <i>arché</i> , causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles. FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear.
B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoa dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais.	FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais. FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.
B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos.	FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo <i>arché</i> , coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.
B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive.	FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.
B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea.	FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias. FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.
Bloque 2. A identidade persoal na filosofía	
B2.1. Comprender a profundidade da pregunta " <i>quen son?</i> ", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito	FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.
B2.2. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise	FIB2.2.1. Analiza que se entende por inconsciente.
B2.3. Reflexionar por escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade	FIB2.3.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autocoñecemento
B2.4. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións.	FIB2.4.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.
B2.5. Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distintivo do ser humano fronte ao simplemente animal	FIB2.5.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto FIB2.5.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.
B2.6. Explicar as teorías da alma de Platón e de Aristóteles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías.	FIB2.6.1. Explica a teoría da alma de Platón. FIB2.6.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles.

B2.7. Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de autoconhecimento e de formación da propia identidade.	FIB2.7.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.
B2.8. Describir e comparar a concepción cartesiana do papel do pensamento como aspecto que define o individuo, fronte ás concepcións materialistas e mecanicistas do home-máquina no materialismo francés do século XVIII.	FIB2.8.1. Expón o significado da tese de Descartes " <i>Penso, logo existo</i> ". FIB2.8.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano.
B2.9. Recoñecer as implicacións filosóficas da idea do home como proxecto.	FIB2.9.1. Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto.
Bloque 4. Razón e sentidos.	
B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características.	FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro
B4.2. Explicar as teses básicas dalgunhas concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón.	FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón.
B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.	FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.
B4.4. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta	FIB4.4.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo. FIB4.4.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.
Bloque 5. Realidade e metafísica.	Só sesións introdutorias.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: As actividades lectivas deste terceiro trimestre están centradas na recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes que resultan imprescindibles para a progresión dos estudantes. A avaliación das actividades desenvolvidas nesta etapa será continua, diagnóstica, integradora e formativa para valorar os avances realizados e as demoras que se podan producir para planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias. Os procedementos de avaliación modifícanse para adaptarse aos cambios metodolóxicos realizadas durante este terceiro trimestre. A avaliación realizárase a partir das avaliacións anteriores e tomando en conta tamén as actividades desenvolvidas durante este período, sempre e cando esta situación beneficie ao alumnado. Incidimos para aqueles alumnos que non tiñan unha cualificación positiva no primeiro e segundo trimestre nas actividades de reforzo e recuperación</p> <p>Instrumentos: Estarán adaptados aos medios de comunicación utilizados para estar en contacto co alumnado. Se as autoridades sanitarias permitiran a recuperación das clases presenciais, serían utilizados os procedementos indicados na programación para este curso académico. Para o período onde a atención ao alumnado será mediante vía telemática utilizaranse coas actividades elaboradas e desenvolvidas por cada estudante e a nivel grupal de ser o caso, a observación directa da participación do alumnado e o seguimento do seu traballo entregado vía telemática.</p>
Cualificación final	Nota media das aprendizaxes dos dous primeiros trimestres do curso e, sempre que beneficien ao alumnado, as actividades de ampliación desenvolvidos durante o estado de alarma. As actividades desenvolvidas durante este terceiro trimestre servirán para a recuperación dos trimestres non superados, no caso do alumnado que teña algunha avaliación suspensa, e, no caso dos estudantes que xa teñan aprobadas as dúas avaliacións anteriores, para mellorar a súa nota final ata un punto
Proba extraordinaria de setembro	Aqueles alumnos que non obteñan unha cualificación positiva na convocatoria ordinaria (xuño) realizarán unha proba que comprenderá a totalidade dos obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe desenvolvidos durante a fase presencial do curso (ata o día 12 de marzo).
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos con materia pendente do curso anterior</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Foron diferenciadas tomando en consideración a situación individual de cada estudante. O alumnado que non tiña superada algunha das avaliacións anteriores terá que realizar e entregar para a súa corrección as actividades de recuperación, repaso e reforzo indicadas polo profesor.</p> <p>Aqueles estudantes que teñan superado as dúas primeiras avaliacións terán á súa disposición actividades de ampliación baseadas nos contidos e estándares de aprendizaxe, competencias indispensables para que continúen o seu proceso formativo. Estas actividades de ampliación tamén poderán ser realizadas polo alumnado que teña que recuperar algunha avaliación anterior. As actividades de ampliación serán tidas en conta para a mellora na nota final desta materia.</p> <p>Aqueles alumnos que non realizaron ningunha proba durante o curso, terán que traballar integramente os contidos dados ata o 12 de marzo e dar conta deles.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Durante os primeiros días trala suspensión das clases identificouse ao alumnado con dificultades para a súa conectividade. Non existe nesta materia, en 4º ESO, alumnado sen conectividade.</p> <p>Empregáronse correos electrónicos (comunicación individual) videoconferencias (planificación, explicación, resolución de dúbidas...) e teléfono.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais e recursos utilizados para esta materia para o 3º trimestre foron enviados vía telemática.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Empregáronse as seguintes vías: mensaxe ó correo electrónico, chamada telefónica e videoconferencia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.